

Axiña vaise celebrar o tan desxado congreso de escritores galegos. Segundo moitos observadores é posible que se clarifique un panorama que está dabondo enrarecido, e saian posicións claras cara ó futuro. Dícese tamén que «ROMPENTE» acudirá con intencións corrosivas. ¿Qué hai de certo neste?

-DIANTE DO CONGRESO DE ESCRITORES GALEGOS-

««Queremos deixar clara a nosa posición antigremialista diante de todo. Pro na Asociación de escritores topámonos fora de luar, porque nin tan siquera respetan os dereitos humanos. E o momento de decir que unha parte dos seus membros protestou porque a Asociación se definiu contra da tortura cando un dos seus membros estaba a ser torturado, pro é tamén o intre de denunciar que se está a seguir no seu seno unha táctica falsa, aceptando a iniciativa da nova dereita cultural encabazada por «Realidade Galega». O que está claro a estas alturas é que Carlos Casares quere rematar presidindo procesións ó lado dò presidente da Diputación»»...